



pregunta 3
a lingua e os seus
falantes



“Os límites da miña lingua son os límites do
meu mundo”

Ludwig Wittgenstein

As variación interna da lingua

As linguas non son uniformes nin inalterábeis, senón que están suxeitas a mudanzas que conforman as distintas variedades lingüísticas, cuxa existencia está relacionada con factores históricos, xeográficos, culturais, sociais, profesionais e contextuais. Tanto a estrutura interna das linguas como o seu uso son, pois, heteroxéneos, dinámicos e multiformes.

As variedades xorden no seo da comunidade en función deses factores anteriormente sinalados e son utilizadas polos falantes dun xeito espontáneo, natural e non planificado. Non obstante, sobre aquelas variedades da lingua que non se corresponden co estándar pesa habitualmente o prexuízo de consideralas incorrectas ou desvidadas. En realidade, do mesmo xeito que non hai linguas superiores e inferiores, tampouco hai variedades mellores ou peores. Todo depende da situación comunicativa e do contexto sociocultural onde se insira o acto comunicativo.

As linguas varían en torno a catro eixos de variación: **tempo**, **espazo**, **nivel sociocultural** e **contexto**.

VARIACIÓN DIACRÓNICA OU HISTÓRICA

As variedades diacrónicas teñen que ver coas diferenzas que se van dando nunha lingua ao longo das sucesivas etapas da súa historia. Se ben non temos rexistros orais das falas do século XV, podemos interpretar dos escritos distintas mudanzas tanto léxicas como morfolóxicas e sintácticas. É por iso que no caso do galego, adóitase considerar a existencia de tres grandes variedades diacrónicas: o galego medieval, o galego medio e o galego contemporáneo.

GALEGO MEDIEVAL

Ai Deus, se sab'ora meu amigo
com'eu senheira estou em Vigo!
E vou namorada...

Ai Deus, se sab'ora meu amado
com'eu em Vigo senheira manho!
E vou namorada...

Com'eu senheira estou em Vigo
e nulhas gardas nom hei comigo!
E vou namorada...

VARIACIÓN DIAFÁSICA OU FUNCIONAL

Unha mesma persoa exprésase de diferente maneira se está en familia ou nunha reunión coa Administración; se está a falar de deportes ou de física cuántica; se se dirixe a un superior ou a un empregado; ou se está no bar ou nunha conferencia. As distintas variedades diafásicas, tamén chamadas rexistros, dependen das relacións existentes entre as persoas interlocutoras, dos temas abordados, das circunstancias contextuais do acto comunicativo ou do propósito que teña a mensaxe.

O **registro formal**, por exemplo emprégase en actos comunicativos dun contido intelectual alto, xeralmente planificado. Pola contra, o **registro coloquial** está relacionado cos contextos onde as relacións son estreitas e o nivel de confianza é maior. Nesta variedade lingüística son habituais os coloquialismos, os dialectalismos e, mesmo, os castelanismos.

FORMAL

Estimado señor, comunícolle que mañá non poderei asistir á reunión por motivos persoais. Lamento as posibles molestias ocasionadas.

COLOQUIAL

Ei, tío, mañá non vou poder ir á carallada esa da reunión por movidas na casa. *Perdona* por andar cambiándoches os plans á última hora.

VARIACIÓN DIASTRÁTICA OU SOCIAL

As variedades sociais ou diastráticas, tamén chamados sociolectos, correspóndense cos diferentes grupos, segmentos e clases sociais que existen dentro dunha comunidade falante. O nivel cultural, o hábitat, a profesión, o sexo, a idade, a extracción social ou o poder adquisitivo son factores que determinan a existencia e as propias características deste tipo de variedades. Distínguense, polo xeral, **tres niveis de lingua**: o **culto**, o **medio** e o **vulgar**.

As diferenzas diastráticas están pouco marcadas na nosa lingua, por mor da inexistencia durante séculos de clases altas e cultas que empregasen o idioma neses ámbitos de prestixio. Ora ben, desde o momento en que se recuperan as funcións sociais elevadas e se amplían os ámbitos de uso, comeza a erixirse unha variedade lingüística que se relaciona con estes ámbitos: o estándar.

Dentro das variedades sociais debemos salientar aquelas creadas por grupos determinados, isto é, aqueles subcódigos propios dun pequeno estrato poboacional. Neste senso, podemos salientar tanto os tecnolectos, falas propias dun sector profesional (medicina, informática...) e como as xergas, ligadas a un grupo con finalidade autoidentificadora (barallete, latín dos chafoutas...). Finalmente, tamén adquiriron importancia aquelas variedades diastráticas propias de grupos asociados á marxinalidade (drogas, delincuencia, ludopatía...), estas reciben o nome de argot.

TECNOLECTO

O paciente ingresou con febre elevada, taquicardia e disnea. Realizouse unha analítica completa e unha radiografía torácica.

XERGA

Onte fun co chafalleiro ó garfelo a chusar un morlo con pingo. Despois trapallamos un chisquiño, pero viñeron os xardelos e tivemos que fuxir.

ARGOT


Onte pillei medio. Estaba potente, boa merca. Logo fomos pillar máis, que o mono viña forte. O camelo chegou tarde, pero trouxo material do bo.

VARIACIÓN DIATÓPICA OU XEOGRÁFICA

Calquera falante pode atopar diferenzas na forma de falar entre unha persoa de Carnota e outra de Allariz. Isto débese a que as linguas non son uniformes, senón que evolucionan de distinta maneira nas distintas partes do territorio. Isto tampouco é unha cuestión inherente ao galego, senón que noutras linguas tamén acontece o mesmo. Unha persoa de Cidade de México fala distinto a unha de Valladolid; unha de Mánchester fala diferente a unha de Nova Orleans...


Unha lingua é unha entidade abstracta que se concreta nun acto de fala. Así, o galego non se consolida igual en Tomiño que en Viveiro, porén, ambas as falas son consideradas como *galego*. Dependendo, pois, de onde é cada falante, empregará unha lingua cunhas características ou outras. Esas modalidades idiomáticas reciben o nome de dialectos, aínda que no caso do galego hai que falar de *bloques*, que se subdividen en áreas e estas en subáreas.

En Galicia chamamos bloques ás diversas modalidades xeográficas do galego. Os estudos dialectolóxicos establecen a existencia de tres bloques divididos polas isoglosas (líña divisoria imaxinaria) pantalóns/pantalós e pantalós/pantalois. Ao occidente da isoglosa pantalóns/pantalós estaría o galego occidental; ao oriente da isoglosa pantalós/pantalois estaría o galego oriental e, entre as dúas estaría o galego central.




Trazos dialectais máis importantes


- sin gheada
- con gheada




- distinción /s/ - /θ/
- seseo implosivo (cinco/des)
- seseo explosivo e implosivo (sinco/des)




- ti
- tu




- el
- il



- moito
- muito
- muto
- mutio




- irmán / irmán
- irmao / irmá(n)
- irmão / irmã
- irmán / irmá
- irmá / irmá




Outros trazos dialectais


■ catro
■ cuatro




■ cantabamos
■ cantábamos




■ colliche(s)
■ colleche(s), colleste(s)




ti cantas:
■ vos cantades
■ vos cantás
■ vos cantais
■ vos cantandes



■ TE (OD) - CHE (OI)
■ Cheísmo
■ Teísmo



■ colleu
■ colliu



Alén destes trazos, de grande importancia pola súa distribución no territorio, hai outros que tamén debemos comentar e que caracterizan de forma bastante clara algunhas das falas galegas actuais.

- Metafonía e nasal trabante

Como explicamos na parte de *Fonética e fonoloxía*, a metafonía e a nasal trabante son alteracións do vocalismo etimolóxico dunha palabra. Esta alteración ten unha distribución xeográfica no territorio e ocupa o bloque occidental e unha boa parte do central.

- Distinción entre lle e lles

Nas falas populares, unha gran parte da comunidade galega non fai distinción entre *lle* e *lles* e, en consecuencia, de *llo* e *llelo*. Esta diferenciación é propia de Lugo e da franxa oriental da Coruña.

- As terminacións latinas -INUM, -INAM

Na maioría do territorio, estas terminacións latinas deron en -iño e -iña, porén, no bloque oriental é habitual a terminación -ín (*camín, sobrín*). Para o feminino mantense, habitualmente, -iña (*sobriña*), excepto na área asturiana (*sobría*)

Traslada os datos anteriormente comentados á seguinte táboa:

Trazo	Bloque occidental	Bloque central	Bloque oriental
Plural -N			
Gheada			
Seseo			
-ANUM			
-ULT-			
P2			
P3			
QW- / GW-			

Practica...

O Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade (ONTSI) lanzou un novo informe (...) onde debulla o reto social dun problema que vai a máis e que require acción directa dende a nenez e a mocidade: as agresións online. En Violencia dixital de xénero: unha realidade invisíbel analízase esta problemática que afecta ás mulleres. (...) O informe indica que o 57% das vítimas de acoso en internet desenvolve fobia ao medio.

A investigación lembra que as mulleres sofren no plano dixital continuas agresións e delitos contra a súa honra e intimidade, moitas veces por parte de atacantes anónimos, “o que dificulta a súa solución”. (...)

Amais, un 15,2% experimentou acoso reiterado por parte da mesma persoa, e delas, unha de cada catro tivo que soportar comentarios ou propostas desapropiadas en internet. “A incidencia é maior canto máis novas son, pero hai casos de todas as idades”, sinalase no informe, onde tamén se pon o foco na vulnerabilidade das profesionais que teñen exposición en redes sociais e internet. (...)

O estudo tamén aborda as consecuencias psicolóxicas da violencia dixital de xénero. Unha enquisa de Amnistía Internacional destaca que o 54% das mulleres que sofre acoso nas redes ten ataques de pánico, ansiedade ou tensión; o 57% xera apreensión polas canles online e un 41% sente ameazada a súa seguridade física. Noutro estudo da ONG Plan Internacional con nenas e mozas recollíase que a un 24% afectoulle á súa autoestima, o 19% comezou a ter problemas coas súas amizades e a súa familia e o 18% tívoos no seu colexio ou instituto. C

Código Cero, nº 225, abril-maio de 2022

1. A partir do texto que figura na cabeceira da páxina, que contén diversos exemplos de terminoloxía médica, redacte un texto de opinión centrado na importancia dos sociolectos ou variedades sociais nas linguas, en xeral, e no galego, en particular. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 200 palabras.

Practica...

Se ben é certo que no momento actual todas as persoas que falamos galego nos recoñecemos como falantes dun mesmo idioma, con todos os matices das falas de cadaquén, tamén o é que a lingua está nun proceso permanente e continuo de transformación, de cambio e de innovación. Conviría preguntarse se Martín Codax e Rosalía de Castro entenderían o galego do século XXI e, asemade, se se identificarían con el. Sobre a primeira resposta, poucas dúbidas temos de que si nos entenderían. Sobre a segunda, a cousa non é tan doada, sobre todo se pensamos na variedade do galego que, desde hai catro décadas, se está a estender como variedade referencial, e que coñecemos como variedade estándar. Con certeza, identificaríanse máis co galego de Fernández del Riego.

O galego estándar é unha variedade lingüística supradialectal, planificada desde posicións académicas co correspondente aval político, cuxa principal finalidade adoita ser idear e promover unha estratexia niveladora da extraordinaria diversidade que caracteriza a nosa lingua. A partir desa diversidade, sobre todo da variación diatópica, elabórase unha variedade orientada a potenciar o seu uso no sistema educativo, nos medios de comunicación e na administración, en particular no que atinxe aos usos escritos da lingua.

Fernando Ramallo, “Que é o galego estándar?”, Que pasa co galego? (2023)

1. A partir do escrito de Fernando Ramallo, redacte un texto de opinión centrado na importancia da variedade estándar para calquera lingua e, en particular, para o galego. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 200 palabras.

Exercicios

1. Tendo en conta os trazos dialectais, a que bloque e área pertencen os seguintes textos feitos á mantenta.

Aghora xa ti non coñeces moitos rapaços que vèn algunha ves á festa do patrón. Non che vin ònte cando viu túa irmán á noite. Èla colliu è comprou moitos xamóns que häbía äli è levouos prá caça dèla.

Tès que me escoitar e coidar de min como prometiches. Acórdaste deso? Hai xa moito tèmpo. Aquèla fría mañá, naquel escuro hòspital. Eu sabía que te non perdería. Aghora pènsa que ti fúche-lo único que escoitou. Ó millor esta carta non chegha nunca ás túar maus; pèro, acórdanche as canciós que cantabamor xuntos, meu irmao?

Cando colleches aquèla carta que che escribín unha ves xa ti tiñas moitos mías anos ca min. Fono anos moi difíciles e non te vin máis. Daquèla estudiábamos xuntos moitos días. Un día mordiute un can nunha pèrna, colliute miña irmán e levoute á casa. Ó primeiro non-a coñeceches. Vô-las dúas cantabas moi bèn. Èra certo.

Ti ibas cunha amigha i-èntonces ár dèz da noite empezaban-as canciós. Ár veces faíanse na corte do ghando è cantaban moi alto, canto pudían pa que viñèran or mozos. Tocabamos moitor bailes e cando iban-ar vèllas botaban moito tèmpo porque ninguièn quería tocar de boa ghana.

Eu seguireino falando como falèmos sempre è non me impòrta que sea diferente a ese que aparèce nos libros de tèsto. È desde o momento de que algunhas familias deixan de ter animais, parece que xa non falaran o galego porque non tein con quen falalo. Nós somos galegos... As nòsas comunicaciois con eles son nular desde vai pouco tempo, porque hai que ir de noite, facer noite alí para cualquèr cousa para lògo vir á mañá.

Exercicios

2. Este texto pertence á novela *Avelaíñas eléctricas* (2022) de Sica Romero. Indique que variedade dialectal reflicte xustificando a súa adscrición mediante, como mínimo, catro exemplos tirados do relato. A partir desta narración e dos seus trazos dialectais elabore logo un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega.

Extensión aproximada: 120 palabras

Sen máis nin máis, desacóughaste. Que che pasa? É o nerviosismo que aparese. Así, sen máis nin máis. Pásache moitas veces despois de días estraños, no momento de sentar, cando deixas de moverte e faser cousas. (...) Ó fondo, unha parella crusa frases soltas. Ela apoucada. El cani. Por pouco que mires entendes que nin se coñesen. (...) Apetéseche escribir. Faselos sen parar pra botar fóra. Pensas se deberías meter esta parte da noite no caderno.

3. A partir desta transcripción do Arquivo do Galego Oral, xustifique o bloque dialectal que lle corresponde e identifique os trazos que lle permiten caracterizalo como tal (catro como mínimo). Ademais, diferencie os trazos de lingua que revelan a diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros. Extensión aproximada: 120 palabras.

Vouche contar moitas cousas que... vosoutros non sabedes nada das cousas de ante. E todo vai esquencendo. Si, porque vosoutros non queredes saber namais cás cousas modernas. Cousas dos vellos non queredes saber nada. Antes, mira, facíamos o pan na casa. Fiábamo-la la. Facíanse sempre as filloas, que agora xa se vai perdendo: de quitado tu, teus irmaos tanto lles ten comelas como non comelas, a teu pai xa non lle gustan. Eu non sei, vanse perdendo as tradicións i-as cousas que eso é unha cousa que non se cre. I-a min gustábame que non se perdera a costumbre da casa. ... Cando se tendía o pan, pos cortábase un cachín com'on bolo e botábase elí nunha taza ou nunha cazola.

Historia da normativización

Como vimos na unidade anterior, as linguas son entidades que varían dependendo de distintos factores como a xeografía, o tempo, a situación comunicativa ou o nivel de estudos. É por iso que moitas sociedades entenderon necesaria a creación dun modelo lingüístico que, por unha banda, sexa homoxéneo e supere as diferenzas dialectais; e, por outra, que teña un nivel máis alto de prestixio e sexa adecuado en situacións comunicativas cultas e usos elevados.

Este proceso coñécese por normativización e consiste na elaboración dunha norma estándar da lingua que sirva como modelo de corrección a todos os falantes nos usos cultos e formais, tanto orais coma escritos. Trátase de crear unha gramática e de establecer as normas ortográficas e morfolóxicas, así coma o léxico correcto que debemos empregar para esas situacións.

O proceso de normativización é un paso clave para a normalización lingüística dunha lingua minorizada xa que esta precisa dunha variedade estándar que introducir nos ámbitos administrativos e educativos. Noutras palabras, a creación dunha variedade estándar responde á necesidade de introducir a lingua nos ámbitos de prestixio. No caso do galego, ao ser unha lingua minorizada e afastada dos ámbitos de prestixio, o estándar é tardío e as primeiras tentativas de normativización datan do século XIX.

ETAPAS DA NORMATIVIZACIÓN

Tras os Séculos Escuros, os autores e autoras do Rexurdimento atopáronse cunha problemática: como se escribe a lingua que falan? Isto, que de primeiras pode parecer absurdo, é facilmente comprensíbel cun exemplo. Se ti escoitas a seguinte secuencia fonética /non mi' pjaʃe/ podes comprender que é italiano e, inclusive, podes saber que significa “non me gusta”. Porén, se ti queres escribir esa secuencia fonética xurdiranche varias dúbidas: *piacce* ou *piace*? *No* ou *non*? *Mi* ou *me*? Isto débese a que coñecer unha lingua oralmente non implica dominala por escrito.

Por tanto, debido a este desprazamento do galego, a partir do século XIX xurdiron varias tentativas de normativización con propostas distintas, aínda que cun obxectivo común: a creación dun modelo culto e depurado.

1) Galego popularizante (século XIX)

Os autores do Rexurdimento carecen dunha norma (descoñecen a literatura medieval), polo que empregan a lingua oral da súa zona, seguindo a ortografía castelá e empregando un léxico inzado de dialectalismos, coloquialismos e castelanismos. Conscientes da necesidade dunha norma común, aparecen as primeiras gramáticas e dicionarios, mais carecen de rigor, e non se chega a un acordo.

2) Galego enxebrista ou diferencialista (etapa de preguerra)

Ten a súa orixe na intención dos autores das Irmandades da Fala e do Grupo Nós de diferenciar o galego escrito do castelán. Este obxectivo lévaos a empregar numerosos cultismos, hiperenxebrismos, arcaísmos e lusismos, ao tempo que eliminan os dialectalismos.

HIPERENXEBRISMO

Palabras galegas coincidentes co castelán que son deformadas por diferencialismo: *convinte, ambiente, primaveira, escea, gasoliña, medicina, sinceiro, a pesares, a partires...*

ARCAÍSMO

Formas en desuso exclusivas dos usos formais e, xeralmente, extraídas do galego medieval: *vegada, ren, conquistar, coor...*

Nesta etapa inténtase a estandarización do galego coas *Normas para a unificación do idioma galego*, publicadas polo SEG en 1933, mais que non chegaron a consolidarse. A RAG tampouco conseguiu elaborar unha gramática nin un dicionario.

3) Galego protoestándar (1936-1980)

A Editorial Galaxia elaborou nos anos 50 unhas normas internas que servisen de referencia aos escritores. En 1970, a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega publican as *Normas ortográficas para a unificación do idioma galego*. Buscábase simplificar a ortografía a gramática e corrixir progresivamente os excesos de diferenciación do castelán da etapa anterior.

4) Galego estándar (1980 á actualidade)

O galego convértese en lingua cooficial co Estatuto de Autonomía (1981), comezando a usarse en ámbitos dos que estaba desterrado: ensino, administración, medios de comunicación... Isto exixía a elaboración dunha norma estándar. En 1982, o ILG e a RAG publican *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas e aceptadas como oficiais pola Xunta de Galiza.

Esta normativa non creou un consenso pleno en toda a comunidade lingüística e, froito diso, xurdiu un movemento que buscaba un maior achegamento ao portugués: o **reintegracionismo**. Esta ideoloxía defende que a ortografía do galego debería volver á súa orixe xa que o sistema ortográfico actual débese á influencia do castelán.

DESVIACIÓNS DO ESTÁNDAR

A pesar da normativización e da estandarización do idioma, a expansión do castelán nas esferas públicas e privadas provocou a presenza de moitas interferencias entre as dúas linguas. Denomínanse **interferencias lingüísticas** á introdución nunha lingua de elementos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos procedentes doutra coexistente con ela. Trátase dun fenómeno propio das linguas en contacto que afecta en maior medida ao idioma socialmente máis débil. No caso do galego, ademais, a semellanza estrutural que existe entre este e o castelán e a ausencia histórica dunha normativa favorece este fenómeno, dando lugar á penetración de castelanismos en todos os planos da lingua (fonética, morfoloxía, sintaxe...).

- **Castelanismos léxicos:** son os máis abundantes, substituindo as formas propias (arcilla, plomo, carretera...); convivindo con elas, pero restrinxindo o seu significado (billa-grifo, vasoira-escoba, tixola-sartén...); creando formas erróneas de aparencia galega (conexo, cexa, antoxo...); potenciando os sinónimos coincidentes co castelán (enfermo-doente, labios-beizos) e os termos de significado xeral en detrimento dos específicos galegos (último-derradeiro; romper-esnaquizar, rachar-crebar...)
- **Castelanismos fónicos:** non distinción, por exemplo, de vogais medias abertas e pechadas; non uso do ene velar...
- **Castelanismos morfosintácticos:** erros no xénero, na colocación dos pronomes átonos, formas verbais compostas con haber, ausencia do artigo diante do posesivo...
- **Castelanismos ortográficos:** uso da ortografía castelá en lugar da galega (boda, armonía, abogado, kilo...)

Alén das interferencias, tamén hai outras desviacións do estándar como os dialectalismos ou os coloquialismos. Os primeiros son formas propias dunha zona xeográfica mais que non aparecen recollidas no estándar da lingua; pensemos, por exemplo, no plural de *can* no bloque central (*cas*). Por outra banda, os coloquialismos son alteracións da evolución etimolóxica da lingua (*vid. Fonética e fonoloxía do galego*) que, naturalmente, non aparecen recollidas no estándar.

Exercicios

1. Localice dous tipos de formas non estándar que aparezan neste texto, extraído de “A nosa fala” (culturagalega.org) e explique brevemente os criterios polos que non son aceptados na variedade normativa. (Ext. aprox. 200 palabras)

Informante: De vrau, ó acabar o curso, normalmente sempre traballo. Este ano tuvemos, este ano pasao tuven traballando no, no Servicio de Extinción de Incendios Forestais; o ano pasao, limpiando nas praias, e os últimos dous anos na, na construción. A ver este ano en que lle toca.

Entrevistador: E que facedes no, no das praias?

Informante: Pois limpiar a, sacar a merda que deixaban os turistas o día anterior, e mais o que trae o mar, botes, botellas e as algas. Os botes metíamolos nunha bolsa de plástico e pa papelera. Pero as algas enterrábamolas todas. Despois, ás veces tamén viña unha pala do aiuntamiento, que che, xa che enterraba el todo.

Entrevistador: Que iba decir eu? Que horario tíñades no da praia? I: Ó primeiro empezamos con horario de sete a doce da mañá. Sete había que tar alí. Parábamos ás nove pa tomar o bocadillo. Tíñamos media hora, pero normalmente era unha hora, e ás doce parábamos.

2. Sitúe o texto de Rosalía de Castro na época correspondente da historia da normativización e indique dúas características lingüísticas do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Explique se se manteñen na actualidade e, de ser así, en que contextos son máis frecuentes. (Extensión aprox. 200 palabras)

“Mais naide ten menos que eu teño as grandes cualidades que son precisas pra levar a cabo obra tan difícil, anque naide tampouco se pudo achar animado dun máis bon deseo pra cantar as bellezas da nosa terra naquel dialecto soave e mimoso que queren facer bárbaro os que non saben que aventaxa ás demais linguas en dozura e armonía. Por esto, inda achándome débil en forzas e non habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, (...) atrevínme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e como o noso dialecto doce e sonoro é tan apropiado como o primeiro para toda clase de versificación.”

Rosalía de Castro. Prólogo a Cantares Gallegos (1863).

Exercicios

3. Explique a importancia da normativización e sitúe o seguinte texto na etapa correspondente indicando dúas características lingüísticas fundamentais do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Explique, ademais, que relación gardan as escollas lingüísticas coa variedade que emprega o autor do texto. (Extensión aprox. 200 palabras)

Por amaina-la concencia guindei co meu tiduo de médico no fondo dunha gabeta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial, mais unha noite foron requerido-los meus servizos. Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Doume as “boas noites” e rompeu a chorar, e por antre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que somentes logrou decirme que tiña un fillo a morrer. O probe pai turraba por min, i eu deixábame levar, enfeitizado pola súa door. Dispois de todo eu era médico tiduado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de complacelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran cencia...

Castelao. “O retrato”. Retrincos (1934)

4. Indique a que corrente lingüística pertence este texto, explique en que consiste e sinale dúas diferenzas a respecto da variedade estándar oficial. Analice tamén os posíbeis efectos positivos e negativos que tería a asunción deste modelo ortográfico. Extensión aproximada: 200 palabras.


Segundo datos do Instituto Galego de Estatística para o ano 2023 a percentagem de população migrante na Galiza é 5,16%, muito longe de 17% se o compararmos com o estado espanhol. Embora suponha um crescimento percentual de 0,28% no último ano, o aumento de população migrante no nosso país continua crescendo muito por baixo da média do Estado, que aumentou em 0,95%; mesmo assim, a chegada de população estrangeira à Galiza possibilita aumentara população num país com um saldo vegetativo negativo e que acusa um grave deficit demográfico.

Novas da Galiza. *Migração e discurso público*. 25/03/25



pregunta 4

educación literaria



“Un paso adiante e outro atrás, Galiza, e a
tea dos teus soños non se move”

Xosé María Díaz Castro

Sabes o que é comentar un texto literario?

1. POR QUE COÑECES QUEN É O PINTOR DESTE CADRO?



O noso coñecemento do mundo permítenos intepretar a arte. Aínda que non saibamos moito de pintura, podemos sinalar que este cadro é de estética cubista e que, ademais, o seu autor é Pablo Picasso. Se o tivésemos que xusticar, indicariamos o uso de formas xeométricas, a falta de profundidade espacial ou a preferencia polas liñas rectas.

Os poemas, relatos ou obras de teatro son obras de arte e, por tanto, gardan certa relación coa pintura, a escultura ou o cinema. Os autores son recoñecíbeis e teñen unhas características estilísticas propias, ben do autor/a, ben do tempo en que escriben. Este é o noso obxectivo: saber analizar obras literarias.

Sabes o que é comentar un texto literario?

2. SABES O QUE ESTÁS FACENDO?

Desde a ESO pídesvos que comentedes texto literarios e vós, de forma mecánica a maioría das veces, poñédesvos a realizar un comentario dun poema coma quen fai unha ecuación de segundo grao ou determina o peso atómico do cobalto. Mais, realmente sabedes que significa comentar?

Comentar non é resumir un texto, nin tampouco indicar onde hai unha metáfora ou unha aliteración. Cando se fai un comentario, o obxectivo é analizar que características literarias (recursos, temas, linguaxe...) son relevantes, particulares e dignas de seren comentadas; isto é, **como está escrito o texto do punto de vista estilístico**.

3. COMENTAR NO VOSO MUNDO



Anuel AA e Bad Bunny

Se en lugar de analizar a Rosalía de Castro ou a Curros Enríquez nos poñemos a analizar a alguén que coñeces, estou seguro que os resultados serían ben diferentes. Se, por exemplo, vos pido tres características de Anuel, estou seguro que todo o mundo me comentaría que a **temática sexual**, o uso de **ad-libs** e, seguramente, a **simplicidade**.

Por outra parte, canto a Bad Bunny, sodes capaces de notar unha mudanza

estilística ao longo da súa traxectoria. Non é o mesmo Bad Bunny en *Tu no metes cabra* que en *DtMF*. Na actualidade temos un Benito máis intimista e reflexivo e antes tiña un ton máis sexualizante

4. ANALIZAMOS?

Pinté la glopeta de blanco, blanco cocaína, blanca Lady Gaga / Ella me escupe to' el bicho, pero yo se la echo en la boca y siempre se la traga / Gasté mil trescientos en las Bred y gasté mil quinientos en las Balenciaga / Y yo le meto este bicho a tu puta y siempre en la madre del diablo se caga.

Yezzy. Anuel AA. 2018

Aquí vos deixo unha canción con máis de 260M de reproducións en YouTube. Que cuestións estilísticas pensades que son dignas de comentario literario?

Esquematiza

- Temática sexual explícita (“Ella me escupe to’ el bicho y siempre se la traga”)
- Apoloxía da riqueza (“Gasté mil trescientos en las Bred”, “Gasté mil quinientos en las Balenciaga”)
- Linguaxe sexista (“a tu puta”)
- Referencias ás drogas (“blanco cocaína”)
- Ton agresivo (“Le meto este bicho a tu puta y siempre la madre del diablo se caga”)

Que soe culto

O presente texto, elaborado por Anuel AA en 2018 e titulado Yezzy na honra á famosa liña de zapatillas Adidas, é unha boa mostra do estilo literario do autor portorriqueño. Por unha parte, atopamos unha temática sexual, habitual no autor, transmitida de forma explícita con referencias a un encontro sexual entre o eu lírico e a súa amante (“Ella me escupe to’ el bicho y siempre se la traga”). Nótase certa agresividade nese encontro (“Le meto este bicho a tu puta y siempre la madre del diablo se caga”) e a amante mesmo é cualificada con vocabulario de carácter sexista (“a tu puta”).

Por outra banda, tamén se aprecia certo afán de enxalzar a riqueza que posúe o propio eu lírico, alter ego do propio autor (“Gasté mil trescientos en las Bred”, “Gasté mil quinientos en las Balenciaga”). Isto, xunto coa apoloxía das drogas, tamén presente neste poema (“blanco cocaína”), son características moi habituais no literato portorriqueño. Finalmente, cómpre destacar a simpleza á hora de construír as estrofas, e versos, con medidas irregulares e rimas consonantes de gran facilidade (traga - Balenciaga - caga - Gaga)

Vende ben o produto...

Unha das cuestións clave nos comentarios de texto radica na capacidade de escribir de maneira efectiva. Non se trata unicamente de identificar as características estilísticas do autor ou autora; tamén debemos proporcionar coherencia ao texto e ser capaces de elaborar un comentario ben estruturado e “redondo”.



Con este exemplo, observamos como un mesmo produto, só ‘decorado’ de distinta maneira, alcanza un maior valor. Isto que acontece coas magdalenas tamén lle ocorre aos comentarios de texto. Certamente, entre un comentario de 8/10 e outro de 10/10 só hai unha diferenza: a habilidade escrita.

CLAVES PARA CREAR UN BO COMENTARIO

O comentario debe ser “redondo”, isto é, debe percibirse unha introdución e o final debe ser pechado. Algúns consellos son os seguintes:

- 1) Analiza o texto: escribe sobre el, subliña, márcalo...
- 2) Fai un pequeno borrador/esquema de ideas previo á escrita.
- 3) Usa marcadores discursivos para introducir as distintas ideas do texto e marcar a relación entre elas. Isto axudarache moito a achegarlle coherencia e cohesión ao comentario.
- 4) Interioriza un modelo de comentario. Isto axudarache a non ter que pensar demasiado a forma que lle vas dar, só terás que analizar e facer un borrador e comezar a escribir.
- 5) Practica moito.

Tema 1. A poesía das Irmandades da Fala

Nos primeiros anos do século XX, tras o esplendor cultural do Rexurdimento, prodúcese unha situación de estancamento cultural que non mudará até 1916 coa aparición das Irmandades da Fala. Estas asociacións culturais e políticas tiñan o obxectivo de fomentar e dignificar o uso do galego, mais tamén traballaron noutras direccións como a política ou a cultura. Fitos como a creación do Seminario de Estudos Galegos, de editoriais como *Céltiga* ou *Lar* ou de revistas como *A Nosa Terra* supuxeron un salto cualitativo e cuantitativo na promoción social do galego e no proceso de normalización do idioma.



A nivel estilístico, a poesía galega até a eclosión das Irmandades vivía unha época de decadencia e, aínda que se publicaban máis obras que en etapas pasadas, a calidade literaria era inferior á lograda polas voces do Rexurdimento. Ante isto, as Irmandades supuxeron un grande avance literario e abriron un novo Rexurdimento para a literatura galega.

Do punto de vista socioeconómico, os comezos do século XX estaban marcados polo atraso económico e pola pervivencia dun sistema político asoballador como era o **caciquismo**. A sociedade estaba empobrecida, dedicábase, fundamentalmente, a traballar a terra e a emigración convertíase nunha das únicas saídas da nosa sociedade.

Perante isto, nos inicios do século XX xorde o **agrarismo**, un movemento sindical galego creado pola sociedade labrega (Acción Gallega e Solidariedade Gallega). O obxectivo destas organizacións era a abolición dos foros e do caciquismo. Algúns poetas estarán fortemente ligados a este movemento e isto terá impacto na creación literaria da época.

Alén disto, a literatura do primeiro terzo do século XX tamén estará fortemente influída pola consolidación do **nacionalismo**, sobre todo no seo das Irmandades da Fala anteriormente mencionadas. Estas organizacións tiñan o obxectivo de reivindicar a lingua e a cultura galega e, por tanto, os autores e autoras que xorden desta organización estarán moi influídos pola ideoloxía galeguista.



Noriega Varela

O POETA DA MONTAÑA

Antonio Noriega Varela é o primeiro poeta que marca timidamente o comezo dunha nova etapa da poesía galega; pódese considerar o representante dunha xeración de transición entre a literatura do século XIX e a do XX.

Escrebiu un só poemario, que foi ampliando ao longo da súa vida. O título inicial foi *Montañas* (1904) e a partir da 3ª edición pasou a chamarse *Do ermo* (1920). O cambio de título dá conta das dúas liñas que se distinguen na súa obra; isto é, na evolución do título tamén se percibe unha evolución estilística do autor.

Na primeira etapa segue o ronsel do costumismo dos poetas do século XIX e emprega un estilo descritivo das paisaxes, tradicións e costumes da vida da clase labrega do interior de Lugo. Tamén, por outra banda, aparecen poemas reivindicativos (agraristas, sobre todo) que irán desaparecendo coa evolución do poemario. A nivel estilístico, toma partido polas estruturas populares como a copla.

A segunda etapa baséase no **neovirxilianismo**. Neste modelo literario a visión da natureza xa non é contemplativa, senón que ten unha significación. Noriega Varela emprega a natureza para expresar o sentir humano (soidade, morriña, tristeza...). Ademais disto, adopta unha actitude **franciscana (franciscanismo)** colocando o foco poético naqueles elementos máis humildes da natureza (flor do toxo, pedra, vagalume...)

Trátase dunha poesía máis elaborada, con lingua e estrofas cultas (coma o soneto), na que se percibe a influencia dos poetas clásicos, do modernismo e do saudosismo portugués (Teixeira de Pascoaes).

Sobre min

Nacín en Mondoñedo no 1869 e fun mestre, xornalista e poeta. A principios do século XX estiven en contacto co movemento agrarista e nacionalista, mais a miña poética fundaméntase na **natureza**.

Resumo:

- Neovirxilianismo
 - Uso de estruturas clásicas e moi coidadas
 - Linguaxe culta e traballada
- Franciscanismo

Noriega Varela

O POETA DA MONTAÑA

A nosa fala

(...)

O gallego é un suspiriño,
i é a cousa máis meiga que hai!,
é o linguaxe amorosiño
en que oín decir: ifilliño!...
de labios de miña mai.

É faliña que aloumiña,
que o noso corazón move
pra que atallemos axiña
os salouquiños do probe
coa gracia da limosniña.

I é un tan ansioso falar,
que logra sobrepuxar
a saúdosa tristura
da estreliña da fartura
e das noites de lunar...

A devoción i a delor
isean sempre ó seu favor!;
eu moito a venero, e creio
que solamente no ceio
pode haber fala mellor.

Teño amores na montaña

Teño amores na montaña
teño moza montañesa,
que ma deparou un santo
no turreiro dunha festa.

(...)

Teño amores na montaña,
teño unha moza brañega,
que, si cos ollos feitiza,
o corazón me estonteia
c'aquelas palabras doces,
i aquelas surrisas meigas
das nenas repinicadas,
argullo das cumes ermas.

Laverquiña

Laverquiña que te axotas
das degaradas gueivotas
oíndo o salvaxe berro;
musa, que a mariña extrañas,
olla as azules montañas
idesde as plaias do desterro!

Esquence o mar, lembra o gado
miúdo, i o regalado
vivir, ias tumbadas festas!,
i as cantigas dos pastores,
que fan grinaldas coas frores
amareliñas das xestas.

Noriega Varela

O POETA DA MONTAÑA

Comentario de texto:

Lea este poema de Noriega Varela e elabore un comentario literario en que se analice o contexto histórico e características do estilo literario do autor presentes no texto. Analice a forma (estrofas, métrica, rima, carácter popular ou culto), os recursos estilísticos (fónicos, morfosintácticos, léxicos) e contido (tema ou temas, voz lírica, destinatarios) servíndose das características presentes no texto a través de citas deste. *Extensión aproximada: 200 palabras*

Toda humilde beleza...

Toda humilde beleza...

Vago xirón de brétema, atavío
soberbio da irta xesta, reidora,
fulgurante doíña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora);

raiola de lunar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde beleza me namora.

É un vermiño de luz o amigo caro
do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorable dunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela



Ramón Cabanillas

O POETA DA RAZA

Ramón Cabanillas foi o gran poeta da época, tanto pola súa calidade literaria como pola súa pluralidade estilística. Na súa estética poética combina tradición e renovación, ao fusionar a poesía cívica con formas renovadoras das grandes correntes de principios de século, especialmente do Modernismo.

A súa obra é heteroxénea e presenta dúas vertentes:

A) **Poesía lírica:** Nesta liña poética hai un predominio dos sentimentos do autor e podemos distinguir tres liñas temáticas:

- Poesía cívica:

Desde as súas primeiras obras, Cabanillas asume o papel de poeta cívico e verdadeiro sucesor de Curros Enríquez. Nun principio estará moi ligado ao movemento agrarista e, posteriormente, ao nacionalismo. O foco da súa poesía estará, pois, na defensa das clases desfavorecidas e, en suma, na concienciación da sociedade na defensa de Galiza.

- Poesía intimista:

Nas súas obras tamén hai un gran número de poemas que seguen o ronsel de Rosalía de Castro. Temas como o amor, a soidade ou a lembranza estarán presentes nas súas obras.

- Poesía costumista:

describe paisaxes e costumes rurais dende unha perspectiva crítica ou humorística con novidades formais modernistas.

B) **Poesía narrativa:** Nesta etapa debemos destacar o poemario *Na noite estrelecida* (1926). O obxectivo de Cabanillas con esta obra é actualizar a materia clásica de Bretaña e adaptala á mensaxe patriótica, empregando unha linguaxe fortemente simbólica e chea de misticismo.

Sobre min

Nacín en Cambados e, desde sempre, fun moi consciente da realidade social de Galiza. Seguramente ter que emigrar a Cuba fíxome entender contra que debía loitar. Nese tempo comecei a traballar co **agrarismo**. Cando voltei á terra tamén me introducín no ambiente **nacionalista** das Irmandades.

Resumo:

- Poeta combativo
 - Agrarismo
 - Nacionalismo
- Influencias do modernismo
- Poesía narrativa
 - Estilo mítico

Ramón Cabanillas

O POETA DA RAZA

A Basilio Álvarez

¡Sementador! O trigo dos beirales
mostra as espigas mestas e douradas,
e as segadoras fouces, afiadas,
teñen trágico brillo de puñales.

O teu verbo, estalante nos pinales,
troca, ó chegar ás chouzas das valgadas,
os salaios das gorxas abafadas
en ruxidos guerreiros e triunfales

A aldea érguese co cror da aurora
agardando a sinal, e non sosega
en axexo de loita vingadora.

¡Xa a lus do sol do mediodía cega,
sementador! ¡Sementador, xa é hora
de da-lo berro e comenza-la sega!

Encomenda

A ti, miña muller, arca pechada
que no seu fondo garimoso encerra
o que me queda santo sobre a terra,
van estes versos de visión dourada.

Eles diranche que, ó través da vida,
sempre, sempre miña alma soñadora
pideulle a Dios que na postrera hora
cerre os meus ollos esa man querida.

E neles vai, paxaro cara ó niño,
agardando que o colla con cariño,
este meu rogo que a visión compreta:

Quero na lousa que me dé sosego
esta palabra que ten luz: "Gallego"
e esta palabra que ten ás: "Poeta".

(Ir á misa nas festas e á saída
na paz do adro conversar cos vellos
deses ditos, costumes e consellos
con que a vida do campo está tecida.

Tralo homilde xantar, mentras que a xente
moza relouca no turreiro, leda,
ler un libro no fondo da arboreda
ou visitar na vila algún parente.

E ó volver cara á chouza, paseniño,
praticando da anada cun veciño,
baixo a dourada craridá da tarde

ir vertendo, ó pasar, na aldea en calma,
este saúdo todo mel da alma:
"¡Vaia con ben, paisano! ¡Dios o garde!".

Ramón Cabanillas

O POETA DA RAZA

Tres días con tres noites baixo o ceo soave,
nun lecer caricioso, de vagar foi a nave.
Crebábase en albores a luz dun novo día
cando dou no remanso dunha praia tranquiá
por altivos e fortes penedos coroadá,
a canle bretemosa dun río por estrada.

A alma voadora fuxitiva do mundo,
Rei Artur esvaera nun repouso profundo,
e nas azas dun sono de escura vaguedade
caíra alén dos tempos na infinda soedade,
mais do rubí da chaga que no seu peito ardía,
ledizosa fragancia nos ares recendía.

Balidas, entre néboa de vagorosas rendas,
fuxidas dos feitizos das gaélicas lendas.
nove fillas de reises, a pregar en silencio,
estendendo un garnido e misterioso lenzo,
mortaxa mol tecida ó lume dun encanto.
Recolleron da barca o corpo do Rei santo
e levándoo a unha furna que en fío da ribeira
froría como un ledó xardín en primaveira,
deitárono nun leito de follas e de rosas,
na man a espada sagra das lides fazañosas.

Lume no pazo

Prendeu lume no pazo.

A roxa labarada
alumea a campía.

Atronan as campanas
o val.

Quentan o aire
espesas bafaradas
de fume.

Corre a xente
Berrando, atolondrada.

Ó arde-lo cume, as tellas
enroxecen e estalan.

(....)

Érguense as mans ó ceo,
e sanguíñenta, tráxica,
refréxase nos ollos
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,
de guedelliñas brancas,
que vive de milagre,
xantando cando xanta,
vestido de farrapos
e durmindo onde cadra,
—todo por mor dun preito
de rendas atrasadas,
no que os donos do pazo
deixárono sin nada—,
ollando cara ó lume,
rise, barulla e fala
ide ir busca-lo gaitero
para que toque a gaita!

Ramón Cabanillas

O POETA DA RAZA

Comentario de texto:

Lea este poema de Ramón Cabanillas e elabore un comentario literario en que se analicen as características do estilo literario do autor presentes no texto e se relacionen co contexto histórico da época. Extraia fragmentos do texto para xustificar e teña en conta o tema, a intención comunicativa, o ton poético e o simbolismo. Extensión: 200 palabras.

En pé!

irmáns! En pé sereos
a limpa fronte erguida,
envoltos na brancura
da luz que cae de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira de Galicia,
cantémo-lo dereito
á libre nova vida!

irmáns no amor a Suevia
de lexendaria historia,
en pé! iEn pé dispostos
a non morrer sen loita!
iO día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
á libre, honrada chouza!
iXa está ó vento a bandeira azul e branca!
iA oliva nunha man, a fouce noutra,
berremos alto e forte:
"A nosa terra é nosa".

Tema 2. A poesía de vangarda

Nas primeiras décadas do século XX xorden en Europa as vangardas, movementos artísticos que realizaron unha **renovación radical** da estética, rompendo coa arte tradicional e creando novas formas e linguaxes. No nacemento das vangardas influíron as transformacións sociais, políticas, científicas e tecnolóxicas, que cambiaron a maneira de percibir a realidade.

Malia á diversidade de tendencias vangardistas, tamén chamados *ismos*, obsérvanse características comúns:

- A **arte non debe imitar a realidade**, senón crear unha realidade nova ou interpretala doutra maneira.
- A artista debe ter **liberdade absoluta**, ser orixinal e desbotar as normas e a tradición.
- Proclámase unha **arte deshumanizada** e unha **actitude antisentimental**. A poesía non debe representar o sentimento humano, a poesía é poesía en si mesma.
- **Renóvase a linguaxe poética**. Emprégase léxico do mundo contemporáneo, rómpese coas normas da escrita e predominan as das imaxes irracionais.
- Os autores vangardistas publican **manifestos** onde establecen as características e as intencións dese movemento.

A nivel europeo xurdiron *ismos* de distintas tipoloxías. Podemos destacar o futurismo, que exalta o mundo moderno e industrial nunha linguaxe acorde ao tema; o surrealismo, que introduce as manifestacións do subconsciente, os soños, os delirios e o subconsciente; o cubismo, que descompón xeometricamente a realidade; ou o creacionismo, que se caracteriza por non imitar a realidade, senón por crear unha realidade nova, un mundo propio coas súas propias dinámicas e funcionamentos.

En Galiza, o eco das vangardas internacionais chega nos anos 20 e 30 coa **Xeración do 25**. Trátase dunha xeración de escritores nados na primeira década do século, formados no ambiente das Irmandades da Fala e discípulos do Grupo Nós, sobre todo de Vicente Risco. Estes autores tamén colaboran estreitamente para crear o Seminario de Estudos Galegos e o Partido Galeguista e escriben na revista *Nós* e n'*A Nosa Terra*.

A Xeración do 25 herda do Grupo Nós o afán modernizador e europeizador da nosa cultura e literatura, que poñen ao día nas revistas poéticas vangardistas que publican: *Alfar*, *Ronsel*, *Resol*, *Papel de color*, *Yunque*, *Cristal*; nalgunhas chegaron a colaborar sobranceiras figuras foráneas das distintas tendencias da vangarda.

Porén, debido á situación sociocultural da lingua galega, a influencia da Vangarda na nosa literatura vai ser limitada. A poesía galega non adopta unha ruptura absoluta coa tradición, senón que se moven entre a tradición e a modernidade. As razón disto é o seu compromiso galeguista e social, e o feito de que a nosa literatura non estivese consolidada como para enfrontarse aos poetas tradicionais. Debemos ter en conta que a Vangarda é un movemento de ruptura coa tradición literaria e, no noso caso, ao non termos unha tradición literaria consolidada, os poetas de principios de século non tiñan a mesma liberdade creativa para experimentar que os seus homólogos noutras culturas con tradicións ben establecidas. Así e todo, a poesía galega de principios do século XX conseguiu innovar e introducir elementos vangardistas, aínda que dun xeito máis sutil e adaptado ás nosas circunstancias particulares

VANGARDA GALEGA

Na nosa literatura xorden dous movementos que non rompen propiamente coa tradición literaria, senón que a renovan ao estilo vangardista: o neotrobadorismo e o hilozoísmo.

A) NEOTROBADORISMO

Tras o descubrimento das cantigas medievais no ano 1928, algúns poetas da época vense impresionados ao descubriren un antecedente de esplendor nas nosas letras. O neotrobadorismo adaptará as cantigas medievais, sobre todo as de amigo, ao estilo vangardista.

A nivel estilístico mantén características propias das cantigas como o uso do refrán, o emprego de léxico medieval ou uso de recursos literarios tradicionais (leixaprén, paralelismo...). Porén, as imaxes introducidas terán un carácter vangardista, onde a natureza e os sentimentos humanos se entrelazan de forma innovadora e sorprendente. Este movemento busca conectar co pasado glorioso da poesía galega, mais tamén abrir unha porta ao futuro, explorando novas formas de expresión sen perder a esencia da nosa identidade literaria.

Canto aos máximos representantes deste movemento podemos salientar dous: Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro, con dúas obras publicadas no mesmo ano: *Nao senlleira* de Bouza Brey e *Cantiga nova que se chama riveira* de Álvaro Cunqueiro. Se ben o neotrobadorismo é propio da preguerra, tamén se seguirán publicando poemarios neotrobadoristas despois da Guerra como o *Cancioneiro de Monfero* (1953) de Álvarez Blázquez ou *Dona do corpo delgado* (1950) de Álvaro Cunqueiro.

B) IMAXINISMO OU HILOZOÍSMO

Este movemento literario supón unha actualización da poesía paisaxista ao estilo vangardista. Na tradición recente, recordemos o tema anterior, poetas como Noriega Varela colocan o seu foco artístico na paisaxe. Porén, Luís Amado Carballo, en obras como *O galo* e *Proel*, adapta a poesía paisaxista ás imaxes literarias vangardistas mais cun aspecto tradicional a nivel estético.

Poesía de vangarda

Ela e el Noivado I

Cegoñas xeográficas no meu noivado noivo.
Un tempo craro como un illó de vidro.
E no medio de litorais e avións platino
cidadán de correntes submariñas color morno.
A miña craraboia en brúxula silvestre:
un arbre polo Norde, Oriente feito
de moluscos, Sur de ribeiras líquidas.
Eu de noivado. Nas mans arcos-de-vella,
vidreiras verde-tenre e colgadas finas.
Nin unha sombra nin faiados tímidos,
inocentes igoa a negros en domingo
o corazón no peito, risoños como esquíes.
Beilar ágoas lixeiras e sonos desprendidos
das cantigas máis novas. Sumando vals e faros.
Infuxivel noivado estelar de cereixas,
amante de cristais. Eu o teño.

Álvaro Cunqueiro, Poemas do si e do non, 1933.

O galo

Abrell'as portas ao día
co-a chave do teu cantar
que xa na fonte da Lúa
está lavada a mañán.

Bótall'o teu aturuxo
a paisaxe dend'o val
qu'o gran balbo das estrelas
cairá serodio no mar.

O campo cheo de frío
busca un anaco de sol,
alcéndelle unha fogueira
co lume da tua voz.

Amado Carballo, O galo, 1928.

Lelias ao teu olvido

O pumariño da noite quer froitificar estrelas
o tanxer desta cantiga é o sinal para acendelas...
-iai, meu amor!-
... é o sinal para acendelas.

Agárdanos na ribeira, sob o descordo do mar,
no seo dos cons, o leito de herbiñas de namorar...
-iai, meu amor!-
... de herbiñas de namorar.

As nove ondas do ensoño espreitan co seu engado
pra enguedellar a toleira desta noite de noivado.
-iai, meu amor!-
... desta noite de noivado.

Así ó fontegal da esperanza, antes de que saia o día
iremos enguedellados catar a flor da auga fría...
-iai, meu amor!-
... catar a flor da auga fría.

¡Ó alén! que no pumariño madurecen os luceiros,
nosos dous corazóns bailan tolos nos ledos turreiros,
¡Ai, meu amor!

no labradío das ondas albea a flor do luar
lámpada para o teu leito de herbiñas de namorar...
¡Ai, meu amor!

Se algún malfado nos fere, axotaremos o mal
a bicos, ouh caramiña dun virxe caramiñal...
-iai, meu amor!- ...
dun virxe caramiñal.!

Bouza Brey, Nao senlleira, 1933

Poesía de vangarda

Comentario de texto:

Lea este poema de Álvaro Cunqueiro que foi obxecto de diferentes versións musicais. Elabore un comentario literario que explique o contexto histórico e os seus trazos máis salientables, atendendo á forma (estrofas, métrica, rima, carácter popular ou culto), recursos estilísticos (fónicos, morfosintácticos, léxicos) e contido (tema ou temas, voz lírica, destinatarios). Extensión aproximada: 200 palabras

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en fruta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera



Manuel Antonio

Manuel Antonio foi o poeta galego que trouxo a vangarda plena á nosa literatura. No seu manifesto *Máis alá!*, escrito xunto a Álvaro Cebreiro, coloca os piares fundamentais da súa perspectiva estética e da súa interpretación do sistema literario galego.

Aínda que escribe obras como *Foulas*, a súa obra de plenitude é *De catro a catro* (1928). Nesta segue o modelo vangardista do creacionismo proposto por Vicente Huidobro en 1916. Este ismo achégalle ao autor unha liberdade absoluta para crear e isto deixárase ver en aspectos como a distribución anárquica dos versos ou as imaxes creadas para transmitir a realidade.

De catro a catro é, como reza o seu subtítulo (*Follas sin data d'un diario d'abordo*), un caderno de bitácora da súa estada a bordo do pailbote Constantino Candeira. O poemario está composto por dezanove poemas que van desde a saída mostrándonos a súa vivencia a bordo desde que a saída do porto até a súa chegada.

A nivel estético é un poemario marcadamente vangardista (creacionista). O autor rompe co concepto poesía, vista a través da óptica tradicional, e crea un mundo propio a bordo dese pailebote. O elementos vangardistas máis destacábeis desta obra son:

- Uso de imaxes vangardistas/creacionistas
- Uso de estranxeirismos e tecnicismos
- Disposición anárquica dos versos e estrofas e ausencia de ritmo

Se ben Manuel Antonio é un poeta que segue a estética vangardista e representa á perfección este movemento literario, *De catro a catro* posúe unha característica non vangardista: o sentimentalismo. A Vangarda, como sinalamos anteriormente, fundaméntase na deshumanización da arte mais, a nivel de contido, a obra de Manuel Antonio está dominada polo sentimento (angustia, tristeza, pena...).

Sobre min

Nacín en Rianxo e introducinme nos ambientes nacionalistas desde moi novo. Porén, son unha persoa crítica co establecido e que procura unha ruptura integral co socialmente aceptábel. Iso apréciase na miña perspectiva poética, mais tamén no manifesto *Máis alá!* que escribín xunto a Álvaro Cebreiro.

Resumo:

- Poeta vangardista
- Creacionismo
- Ruptura integral coa tradición literaria
- Tecnicismos e estranxeirismos
- Poesía existencialista

Manuel Antonio

POETA DE VANGARDA

Prólogo dun libro que ninguén escribeu

O autor deste libro, a diferenza doutros poetas da súa terra, tan humildosos devotos da Santa, do Bardo e do Rebelde, ao non semellarse a ninguén, e moito menos a tan consabido trío, fixo da súa independencia un sagro fanatismo e aquí o tedes: só, erqueito e orgulloso.

Máis alá!

O xesto

Non nos erguemos do xeito que o fan a maioría dos que noutras terras publican manifestos máis ou menos literarios.

Case todos eles tencionan arrecadar adeptos para algún novo ismo que aparece querendo ser a derradeira verba da moderna Estética cando, en verdade, non son máis que unha nova proba de que un esnobismo operetesco invade a Literatura.

Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacable contra os vellos.

Os vellos

Os vellos non son os que escribiron hai moitos anos —eles son os devanceiros—. Os vellos son os que escriben hoxe como se vivisen no antonte dos séculos. E a lei de sucesividade que nos fai respetar aos devanceiros, é a mesma que nos ergue e move para enterrar os vellos en vida, baixo a lousa inhábil da súa vulgaridade, pola acefalia que supón o desexo de definir co pasado a hora de hoxe. Esta gafuara, de ser leigada a si mesma, debera irse, por exemplo, a Madrid, metrópole peninsular da barbarie civilizada, onde a súa teimosía anti-cronolóxica encadraría moi ben, completando aquel ambiente de inferioridade. Pero é a nosa desgracia que non só non fan iso senón que aínda teñen o pretendemento, que en parte conseguen, de pasar por persoeiros da nosa cultura; e isto con outras cousas máis, é o que non pode seguir sendo.

Manuel Antonio

POETA DE VANGARDA

Intencións

Encheremol-as velas
c'a luz náufraga d'a madrugada
Pendurando en dous puntos cardinaes
a randeeira esguía
d'o pailebote branco
C'as suas mans loiras
acenan mil adeuses as estrelas
Inventaremos frustradas descubertas
a barlovento d'os horizontes
pra acelerar os abolidos corazóns
d'os nosos veleiros defraudados
Halaremos pol-o chicote
d'un meridián innumerado
N'a illa anónima
de cada singladura
esculcaremos o remorso d'a cidade
Ela noitámbula desfollará
como unha margarida prostibularia
a Rosa d'os Ventos d'o noso corazón
Encadearemos adeuses d'escuma
pra total-as praias perdidas
Xuntaremos cadernos en branco
d'a novela errante d'o vento
Pescaremos n-a rede d'os atlas
ronseles de Simbad
E cazaremol-a vela
sobre o torso rebelde d'as tormentas
pra trincar a escota d'unha ilusión.

S.O.S

Todos presentíamos que a noite
preparaba algún sofisma
E o faro extraviado
daba o S-O-S
no morse
—clave Orión—
das estrelas

Eses brazos abertos da vela
son os mesmos do vento
que se despreguizou
N-a man do Mar esquencidizo
os loceiros peteiran a bicada
A estrela dos cabarets
cun cigarro nos beizos
pide lume aos catro puntos cardinaes
Pola Galaxia chea de seixos
un astro vello vai co seu farol

Que dan os almanaques
para esta media-noite?
Pero aínda non sabemos
de que banda vai chegar a media-noite
E o faro extraviado
vai esgotar o seu stock de S-O-S.